

BOIXO/1

BOLETÍN INFORMATIVO XERAL

IES DE RODEIRA

OUTONO 2018

AÍ VEÑEN...!

NOVEMBRO

Mércores 14 FOLGA DO ALUMNADO **Toda a xornada**
Convocada polo Sindicato Estatal de Estudantes, en reivindicación da igualdade nas aulas e a extensión da educación sexual. Estímase un seguimento do 90% en diurno. O alumnado de 1º e 2º da ESO só pode sumarse a folga con permiso explícito de casa.

Xoves 15 RODEIRA'S SECRET TALENTS 12:30 a 14:00 Auditorio Municipal
Mostra de música e artes escénicas do noso alumnado. Para 2º/3º/4º ESO e 1ºBACH. Habrá buses. As 19:30, sesión de tarde pro-excursión, aberta ao público. Organiza Música

Xoves 15 CINE SUBMARIÑO 11:00 a 14:00 Teatro Afundación
1º ESO asistirá en Vigo á XXVIII Semana de Cine submariño da UVI. Organiza Ciencias

Luns 19 PARLAMENTO GALEGO 17:30 Usos Múltiples
Charla-coloquio arredor do traballo lexislativo do Parlamento cos ex parlamentarios María Riobó, Manuel Pérez e Miguel Barros. Organiza CS Admin/Presidencia. Aberto ao público xeral.

Xoves 22 GRANDE BATUCADA 10:10 e 11:20 Usos Múltiples
O alumnado de música de 4ºESO e 1ºBACH festexarán a Santa Cecilia de Roma

Venres 23 CAMIÑO DA IGUALDADE 11:20 a 12:10 Paseo de Rodeira
Día contra a violencia de xénero. Camiñaremos ata o Parque de Palma, onde leremos o noso manifesto. Poñéndonos nos zapatos das vítimas, colgaremos calzado no valado do Instituto

Martes 27 ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR Usos Múltiples
Alumnado, a partir das 8:30 e das 18:00. Habrá quendas. Nais e pais, das 20:00 ás 21:00

Mércores 28 ROTEIRO ROSALIANO 8:30 a 15:00 Santiago
3º ESO recorrerá Compostela seguindo as pegadas da nosa poetisa. Organiza Galego

Venres 30 ERASMUS + 2019
Remata o prazo para solicitar bolsas Erasmus + para alumnado de Ciclos e docentes

DECEMBRO

Martes 4 ELECCIÓNS SINDICAIS 11:00 a 14:30/16:30 a 18:30 Sá de Profes
O persoal docente está convocado para elixir os seus representantes sindicais.

Xoves 6 PONTE DA CONSTITUCIÓN
Entre Inmaculada e Constitución, o Día do Ensino xera esta oportuna ponte con vistas a...

Luns 17 - Xoves 20 PRIMEIRAS AVALIACIÓNS

Venres 21 FIN DE TRIMESTRE
Entrega de notas e actividades.

As clases do Trimestre de Inverno iníciáanse o MARTES 8 de XANEIRO de 2019

...AÍ VAN!

SETEMBRO

Mércores 26 DÍA EUROPEO DAS LINGUAS Galería do Vestíbulo
Compuxemos un mar de linguas, con mais de 50 versións das *Ondas* de Martín Codax.

Venres 30 PARABENS PARA TILVES Escaleiras
Unha salva de palmas acompañou ao profesor Tilves no seu descenso das Aulas tras impartir a súa derradeira clase maxistral. Calmada a ovación, compartiu co profesorado uns petiscos

OUTUBRO

Luns 1/Mércores 3 CAMIÑO DE SANTA MARTA Sendeiro da Costa
A fin de coñecerse fora das aulas, 1ºBACH seguíu a Ecorruta ata Liméns. Organiza ANSO

Martes 9 PROXECTO HIDROESCOLA Laboratorio de Bioloxía
3º ESO realizou análises de augas, continuando a investigación en colaboración ca UVI.

Luns 15 VÉRTIXE SONORA Auditorio Municipal
Concerto de música contemporánea experimental. Organizado por UVI e North Texas U.

Mércores 24 DÍA MUNDIAL DAS BIBLIOTECAS
Guiados por Olalla, 1º ESO entrou en contacto ca nosa (agora xa súa) Biblioteca.

Luns 29 MULLERES DE SALITRE. Usos Múltiples
O grupo de Teatro de Tarde represento en varios países para 2ºBACH e Adultos

Mércores 31 SAMAÍN Biblioteca, Aulas, Usos
No cerne do outono, asomamos ao trasmundo. Contos de medo (3ºESO) e Túnel do Horror (1ºBACH/ANSO). En Aulas destacaron 1ºC (Representación), 3ºA (Decoración) e 3ºC (Idea).

Mércores 7 CÁPSIDES VÍRICAS Aulas da ESO/Escaleiras
Día da Ciencia en galego. Construímos icosaedros que colgamos nos ocos das escaleiras.

Venres 9 CANDIDATURAS AO CONSELLO ESCOLAR Secretaría
A Comunidade Educativa ten que renovar o Consello Escolar elixindo 3 representantes do profesorado, 2 do alumnado e 2 das familias. Aberto o prazo para presentar candidaturas ata o19-N

Luns 12 MAGOSTO Patio
Compartimos castañas asadas cantarolas e muiñeira global celebrando o outono. Bailamos

Martes 13 NA CASA DE ROSALÍA Padrón
1º ESO acudiu ao Pazo da Matanza, coñecendo as intimidades da poeta.

AÍ ESTÁN.

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|------|--|--|-------|---|
| | TEATRO (ANPA) Usos de 16:30 a 17:30 BADMINTON (ANPA) Pavillón 16:00 a 17:00 | CLUB de MÚSICA Usos 11:00 CLUB LECTURA Biblioteca 15:30 FUTBOL SALA (ANPA) Pavillón 16:00 CLUB DEBERES Biblioteca 17:00 | | CLUB de MANGA Usos 12:10 a 12:30 |

OBRADOIROS DE ADULTOS: Informática, Inglés, Galego, Teatro, Escritura... De 16:00 a 20:30